



DIRECCIÓN XERAL DE SAUDE PÚBLICA
Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela

Estimado Director Xeral:

Poño-me en contacto con vostede para facerlle partícipe da situación que está a acontecer no Centro de Saude deste concello de Barreiros en relación, principalmente, coa praza de pediatra.

En ocasións anteriores, e actualmente estase a repetir, cando a persoa que ocupa dita praza de pediatra se atopa de baixa, non se produce unha substitución da mesma e o servizo pediátrico deixa de prestarse de forma indeterminada. Isto ocasiona moitos trastornos ás veciñas e veciños deste concello xa que se producen retrasos nas vacinas, na atención e nos tratamentos das nenas e nenos, sen que exista unha alternativa para os mesmos.

Dado o malestar xeral que esta circunstancia ocasiona é polo que se SOLICITA que, no caso de producirse estas baixas do persoal médico (que en moitas ocasións son de longa duración), a praza se cubra de forma inmediata para evitar que o servizo quede desatendido.

Quedo á súa disposición para calquera aclaración ou información adicional que poda precisar para tratar este asunto.

Cordialmente,

Barreiros, 18 de xaneiro de 2019.

Jose Alfonso Fuente Parga

Alcalde do Concello de Barreiros

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE